

# OBRADOIRO IMAXINAMOSNÓS

ASAC ASOCIACIÓN DE ALTAS CAPACIDADES DE GALICIA



**MONITORA:** Clara Martín Prieto (Mestra de Educación Infantil, Licenciada en Psicopedagogía e especialista en Dirección de Escena)

## **OBXECTIVO XERAL:**

ImaxinamosNós é un obradoiro de creación colectiva onde as nenas e nenos son os principais protagonistas. Lonxe dunha montaxe teatral ó uso, onde as pequenas/os limitaríanse a aprender uns determinados papeis e a reproducir os movementos indicados pola directora, o obxectivo desta proposta é a creación dun proxecto teatral conxunto.

A **creatividade** e o **xogo dramático** son os puntos clave da actividade e trabállanse conxuntamente a través de improvisacións. Son os propios nenos e nenas os que marcan o ritmo das sesións e da actividade en xeral pois, aínda que hai un fío condutor, son elas e eles as súas propostas en todos os niveis (corpo, voz, propostas de materias e escenografías...) os que van creando, no transcurso das sesións, o seu propio proxecto teatral.

Este obradoiro tamén está deseñado de tal xeito que se ensine ás nenas e nenos a ser **críticos construtivos** coas propostas dos seus compañeiros e compañeiras e, ó mesmo tempo, a ser **autocríticos** coas súas propias. Á hora de desenvolver unha actividade destas características hai que ser conscientes de que nin “todo vale”, nin “todo serve para amosar a un público” nin “todo o cómico e gracioso vai gustar”.

ImaxinamosNós é, en resumidas contas, un actividade para que as nenas e nenos amosen, sintan, colaboren, creen, imaxinen, expresen... aquilo que moitas veces queren amosar ós demais e non atopan nin o lugar nin a maneira de facelo.

## **A creatividade, a imaxinación e o traballo colaborativo das nenas e nenos levado á posta en escena, ao teatro**

- Non facemos teatro, se non que xogamos a dramatizar
- Expresámonos e comunicámonos verbal e non verbalmente
- Creamos colectivamente a través do xogo, das improvisacións, etc. escenas e situacións que ao mostralas a un público convértense en teatrais
- Empregamos a improvisación como medio expresivo, creativo e de desenvolvemento de habilidades sociais
- Somos un grupo e funcionamos como tal, dado que individualmente non podemos facer nada. O proxecto non avanza se non camiñamos todos xuntos
- Todo o que nos rodea, situacións cotiás ca nosa familia, cos nosos amigos, os obxectos que nos atopamos ó noso arredor..., facémolo teatral xogando para crear escenas e situacións curiosas e moi interesantes
- Perdemos o medo escénico, a vergoña, aprendemos a falar en público
- Debatenos no gran grupo e en pequenos grupos, chegamos a acordos, xurdindo ideas e máis ideas e propostas individuais e colectivas
- Aprendemos a canalizar os nosos impulsos e as nosas emocións
- Aprendemos a ser críticos co traballo dos nosos compañeiros e con nós mesmos, sendo respectuosos sempre. A crítica serve para mellorar

### **EXEMPLOS DE ACTIVIDADES:**

A partir de diferentes actividades, todas elas vinculadas ao xogo e a expresión corporal, os rapaces e rapazas crearán o proxecto teatral (a posta en escena) que elas e eles queiran, tendo en conta en todo momento que o importante non é o fin senón o proceso de creación. Desde o primeiro momento as sesións organizaranse partindo dos intereses das nenas e nenos como participantes plenamente activos en todas as partes do proxecto conxunto que están a crear.

As **actividades** teñen, de modo xeral, o seguinte carácter:

**1. Coñozo o grupo e o papel que desenvolvo nel:** as primeiras sesións dedicaranse, a través de xogos, ó coñecemento do grupo. Neste obradoiro é algo imprescindible para que o clima de traballo sexa bo e todos e todas aporten o que desexen sen medos e ataduras. Xogos dinámicos de presentación e de “romper o xeo”.

**2. Quecemento:** sempre con música. Diversos xogos que nos fagan movernos e poñer en funcionamento todas as partes do corpo; que nos axuden a estar concentrados na actividade que estamos a desenvolver, e ao longo da sesión; cos que perder medos e a vergoña abríndose ao grupo mediante a expresión corporal.

**3. Expresámonos co corpo:** actividades de expresión corporal, onde a expresión non verbal sexa a base de todas elas. *“A expresión verbal non tardará en chegar, e será coa que encheremos aquelas accións que o precisen”.*

**4. Improvisacións e xogos** a través dos cales irán aparecendo situacións, personaxes, espazos,...

**5. Expresámonos verbalmente:** as accións éñchense de comunicación verbal.

**6. Concretamos o traballo:** actividades onde se establezan as partes das que constará a posta en escena, a súa estrutura, o material concreto que imos utilizar para a escenografía...

**7. Caracterización teatral:** probaranse diferentes modelos de maquillaxe teatral (animais, paiaso, mimo...). Traballaremos co maquillaxe daqueles personaxes que eles/as crearán ao longo das sesións, pero tamén con outras propostas.

**8. Actividades de crítica e autocrítica:** proposta de casos prácticos dentro dalgunha das actividades onde eles debatan, comentarios ao final de cada unha das improvisacións, xogos de toma de decisións, de acordo e desacordo...

## **ENLACES E/OU RECURSOS DE INTERESE:**

Uns bos materiais para traballar o xogo dramático cos máis pequenos/as son:

- Cañas, J. (1993). Actuando: Guía didáctica para jugar contigo al teatro. Barcelona: Ediciones Octaedro.
- Cassanelli, F. (1988). Gesticulando: 40 fichas para hacer teatro en la escuela. Barcelona: Editorial Aliorna.